

20 Julio de 2015 - Revista 1030

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

BOLSAS E AXUDAS / 7

PREMIOS E CONCURSOS / 8

NOVAS DE EMPREGO / 9

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX / 13

EN PORTADA

A Consellería de Cultura e Educación oferta 30 prazas de colaboradores bolseiros nos centros residenciais da Coruña, Ourense e Vigo para o curso 2015/16

Martes, 14 Xullo 2015 11:47

- O obxectivo destas bolsas é facilitar ao alumnado universitario aloxamento e manutención gratuíta no centro residencial, a cambio de que colabore co persoal profesional que traballa neles.

O **Diario Oficial de Galicia (DOG)** publica hoxe a orde pola que se convocan **30 prazas** de colaboradores bolseiros nos **Centros Residenciais Docentes (CRD)** da Coruña, Ourense e Vigo para o curso académico 2015/16.

As bolsas ofertadas distribúense da seguinte maneira: 18 no CRD da Coruña, 6 en Ourense e 6 no centro de Vigo. Os adxudicatarios poderán utilizar os servizos da residencia de forma gratuíta durante o período de funcionamento en que estea aberta aos residentes. O alumnado solicitante deberá ter 18 anos cumpridos, estar matriculado en estudos universitarios e posuír capacidade funcional para o desempeño do labor de apoio no desenvolvemento da actividade diaria da residencia. Así mesmo, deberá ser posible que compatibilice esta actividade cos seus estudos universitarios.

Prazos de presentación

O **prazo** para a presentación de solicitudes esténdese dende mañá, día seguinte á publicación da convocatoria no DOG, ata o **7 de agosto de 2015**, sendo posible abrir un período extraordinario no caso de que non se cubran a totalidade das prazas ofertadas.

Antes do **31 de agosto de 2015** a comisión de valoración publicará no taboleiro de anuncios ou na páxina web do respectivo CDR a relación provisional de persoas excluídas indicando a causa e a puntuación provisional así como a listaxe de adxudicatarios e suplentes. As listaxes definitivas faranse públicas antes do **15 de setembro de 2015** nos taboleiros de anuncios ou nas webs dos centros.

Criterios de valoración

No proceso de selección dos candidatos a comisión de valoración que se constituirá en cada centro terá en conta a renda da unidade familiar, o rendemento académico e outros méritos como a experiencia derivada da participación en cursos e/ou actividades educativas ou o coñecemento de ofimática ou de linguas estranxeiras.

A convocatoria pode consultarse no DOG de hoxe, no enderezo http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150714/AnuncioG0164-030715-0001_gl.html

Un total de 250 mozos e mozas de entre 9 e 17 anos participarán este verán no campamento 'Aventura no Camiño' de Portomarín

Martes, 14 Xullo 2015 11:49



- A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe aos participantes da segunda quenda.
- Ofrecense actividades de bicicleta, e náuticas de vela e piragua.
- Posteriormente, a directora trasladouse ata o campo de traballo Casa da Neveira, que se está a desenvolver en Xermade entre o 7 e o 18 de xullo, onde visitou aos 13 participantes de entre 18 e 30 anos.
- En total, a Xunta dispón máis de 1.800 prazas na provincia de Lugo durante a campaña de verán.

Un total de **250 mozos e mozas** de entre 9 e 17 anos están a participar durante este verán nas actividades que oferta o albergue xuvenil de Benigno Quiroga en Portomarín (Lugo). En primeiro lugar, o campamento para nenos e nenas de entre 9 e 11 anos con deportes de bicicleta e actividades náuticas de vela e piragua. A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe aos 50 participantes da segunda quenda, das catro totais que se desenvolverán ao longo do verán.

Ademais, nestas instalacións terá lugar a iniciativa **'IMPLICA-T no Camiño de Santiago'**, entre o **11 e o 18 de agosto**, na que participarán 50 mozos e mozas de entre 14 e 17 anos. A mesma céntrase en actividades de voluntariado relacionadas co Camiño de Santiago, bicicleta, piscina e kaiak.

Posteriormente, a directora trasladouse ata o campo de traballo Casa da Neveira, que se está a desenvolver en Xermade entre o **7 e o 18 de xullo**, onde visitou aos 13 participantes de entre 18 e 30 anos. Nesta iniciativa realizarán a redacción e execución dun proxecto de escavación, divulgarán o proxecto a través da web do concello, limparán a área arqueolóxica e levarán a cabo diferentes visitas a puntos de interese da zona.

En total, na provincia de Lugo ofertaranse este verán máis de 1800 prazas dentro da campaña de verán, nas instalacións de Area en Viveiro, Benigno Quiroga en Portomarín, A Devesa en Ribadeo, Os Chacotes en Palas de Rei, o Lug 2 en Lugo e o Poboado dos Peares en Carballedo, así como nos campos de traballo de Castromaior en Portomarín, Camiño de Inverno en Quiroga e Casa da Neveira en Xermade.

A oferta a nivel autonómico ascende a 8.530 prazas, un 3,2 por cento máis que en 2014. Para a súa posta en marcha, o departamento inviste 2,4 millóns de euros. Grazas a esta iniciativa, favorecerase ademais a contratación de máis de 900 monitores e directores de campamentos.

Cecilia Vázquez visita o campo de traballo de Xermade

Mercores, 15 Xullo 2015 07:21



A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou os participantes do **campo de traballo de Xermade**.

Cecilia Vázquez e Rodríguez Miranda reciben 70 participantes nos programas 'Conecta con Galicia' e 'Escolas Abertas'

Mercores, 15 Xullo 2015 16:05



- En total, nestes programas desenvolvidos pola Secretaría Xeral da Emigración, coa colaboración da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, participan este ano 260 galegos e galegas residentes no Exterior.

- A Campaña de Verán do departamento de Traballo oferta en total 8.530 prazas, para destinatarios a partir dos 9 anos.

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, Cecilia Vázquez Suárez, e o secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, acompañaron esta mañá á súa chegada a Lavacolla a cadanseu grupo de mozas e mozos participantes nos programas **'Conecta con Galicia'** e **'Escolas Abertas'**.

Cómpre destacar que no avión que enlazou desde Madrid a Galicia a estes participantes retornaba precisamente Rodríguez Miranda desde Brasil, onde concluíu a súa viaxe para asinar convenios de colaboración en materia socio asistencial con dúas entidades da diáspora, e para achegarse a coñecer a actualidade das comunidades galegas no país carioca.

Concretamente, no voo IB3874 chegaron a Lavacolla 31 dos beneficiarios do **'Conecta con Galicia'** (30 deles procedentes da Arxentina e 1 do Brasil) e 39 de **'Escolas Abertas'** (23 de Arxentina, 10 de Uruguai, 3 de Chile, 2 de Estados Unidos, e 1 do Brasil). Sen embargo, o número de integrantes total dos programas -que se irán achegando nas vindeiras datas ata a Galicia territorial- ascende a 180 no caso de **'Conecta con Galicia'**, e 80 no de **'Escolas Abertas'**.

No caso da primeira iniciativa, a idade tope marcada na convocatoria é de 30 anos, e no caso da segunda, gran parte das e dos beneficiarios roldan esa idade. Trátase daquela de liñas de acción desenvolvidas polo departamento que dirixe Miranda, e apoiadas por

Xuventude, destinadas fundamentalmente á mocidade, e deseñadas para que as segundas xeracións de galegos -algúns xa nados na diáspora- manteñan vivos os vencellos coa terra dos seus pais e avós.

'Conecta con Galicia'

Este ano aumentou un 5 por cento o número de prazas convocadas neste programa, e téñense adiantado os prazos de convocatoria e resolución, para facer máis áxil a xestión aos beneficiarios. O programa ten como obxectivo fortalecer esas ligazóns que relacionan a estes mozas e mozos coa terra dos seus familiares e que, en moitas ocasións, senten como propia ao mesmo ou superior nivel dos países onde naceran. A iniciativa, para moitos deles e delas, supón a primeira oportunidade de coñecer fisicamente a terra dos seus devanceiros, e as xeracións da familia que quedaron na Galicia territorial.

A iniciativa desenvólvese en dúas modalidades. A primeira delas son actividades de aire libre, modalidade da que se beneficiarán 160 mozos e mozas galegos residentes fóra de Galicia, distribuídos en dous grupos de idade, de 14 a 17 anos e de 18 a 20 anos. Este total supón 8 prazas máis ca na convocatoria do ano pasado. Estes 160 beneficiarios do programa compartirán con mozos e mozas residentes en Galicia, en dúas quendas de doce días no mes de xullo, as residencias e albergues xuvenís situados en Galicia e dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar. Nestas instalacións realizarán dúas actividades, de seis días cada unha. Durante a primeira, denominada **"Cultura e Camiño"**, os participantes aloxaranse nas residencias xuvenís *Lug II de Lugo*, e *Florentino López Cuevillas de Ourense*, onde participarán en actividades dirixidas a coñecer o patrimonio histórico cultural das respectivas zonas, e percorreren o *Camiño de Santiago* en varias etapas ata o destino final en Compostela. O segundo grupo de actividades, tamén de seis días de duración, desenvólvese baixo o paraguas do epígrafe **"O mar de Galicia"** no *albergue xuvenil de Gandarío en Bergondo (A Coruña)* onde realizarán actividades de náutica de lecer e de coñecemento do medio mariño.

A segunda modalidade son os campos de traballo, para participantes con idade comprendidas entre os 20 e 30 anos. Trátase de actividades de colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos na procura dun maior coñecemento da cultura galega, da mellora ambiental da contorna, e da recuperación do patrimonio cultural e arquitectónico.

2'4 millóns

Estas modalidades forman parte da *Campaña de verán da Consellería de Traballo e Benestar*, que no seu conxunto oferta este ano un total de 8.530 prazas, un 3,2 por cento máis que en 2014. As actividades, que se prolongarán ao longo do verán, favorecerán tamén a contratación de máis de 900 monitores e directores de campamentos, que son na súa maioría xente nova.

A Xunta inviste 2,4 millóns de euros en desenvolver esta campaña, que inclúe: campamentos para menores de entre 9 e 17 anos, oferta concertada, campos de traballo para maiores de idade, e actividades para maiores de 18 anos.

'Escolas Abertas'

A través destoutro programa, oitenta cidadáns residentes no exterior acceden á formación especializada en diversas áreas, para despois divulgala nas súas áreas de residencia habitual. A convocatoria deste ano tense adiantado un mes respecto do pasado ano, co obxectivo de facer o máis áxil posible a tramitación das solicitudes, e tamén para outorgar máis tempo aos beneficiarios, e aos seus docentes, para a planificación da viaxe e das actividades a desenvolver.

Trátase dun programa que pretende espallar a cultura, modo de vida e actualidade de Galicia por todo o mundo a través da convivencia e estadia de persoas que transmitirán a súa experiencia propia a moitos outros nos seus lugares de orixe ou residencia habitual, mediante o efecto multiplicador dos cursos formativos. Desta maneira, a Galicia actual dáse a coñecer da maneira máis efectiva e afectiva.

As e os alumnos deste programa son, á súa vez, formadores nos lugares dos que proceden, polo que os seus coñecementos, e tamén a súa experiencia de contacto directo coa realidade actual do país, chega así aos cidadáns da *Galicia do Exterior*. Coa instrución e mellora de habilidades dos participantes na iniciativa, acrecéntase o interese e a formación de milleiros de galegas e galegos residentes, e mesmo nados, fóra da Galicia territorial.

Así, e segundo o secretario xeral da Emigración Antonio Rodríguez Miranda, "a formación, a través dos participantes en *Escolas Abertas*, espállase a decenas de milleiros de alumnas e alumnos polos centros e casas de Galicia no mundo". Ata o momento, téñense formado directamente nas distintas edicións do programa en torno a 700 persoas, pero cada unha delas transmite despois os seus coñecementos e aprendizaxe aos respectivos alumnados nos centros e casas de Galicia onde imparten as clases.

Os cursos que se levan a cabo nesta edición de 2015 consisten en obradoiros de especialización das seguintes modalidades: gaita tradicional galega, baile tradicional galego, canto popular, percusión tradicional galega, e confección de traxe tradicional galego. Cómpre salientar que sempre se trata de obradoiros que teñen unha ampla demanda nas entidades galegas no exterior, criterio básico seguido por *Emigración* para a convocatoria destes cursos.

Comeza na Laracha o campo de traballo de Xuventude 'Conca do Bradoso' que permitirá recuperar o roteiro e o muíño do río

Xoves, 16 Xullo 2015 11:49



• A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe aos participantes desta iniciativa que rematará o próximo 24 de xullo.

• Vázquez destacou que a campaña de verán da Xunta oferta este ano 700 prazas en campos de traballo.

O campo de traballo '**Conca do Bradoso**' que oferta a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado na Laracha vén de comezar. Os participantes nesta iniciativa, que contan con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos, realizarán ata o próximo **24 de xullo** diferentes actividades centradas basicamente en coñecer as técnicas de acondicionamento e mellora dun roteiro e dun muíño de río.

Os mozos e mozas, ademais, intercambiarán experiencias, coñecementos e costumes, ao tempo que favorecerán a comunicación grupal e acadarán actitudes de colaboración e cooperación. Así mesmo, os monitores motivarán aos participantes para coñecer mellor Galicia e os seus recursos, tendo en conta a súa contorna cultural e social. Tamén se potenciará o sentimento de servizo á comunidade cos traballos desenvolvidos.

En total, a campaña de verán da Xunta ofertará este ano 700 prazas en campos de traballo: 465 de acollida, e outras 260 de partida, un 19% máis que o ano anterior. En concreto, das prazas no exterior, 115 son noutras comunidades autónomas, e 150 distribuiranse en máis de 25 países de todo mundo.

Os campos de traballo de Galicia son 18: *Illas Cíes (4 quendas), Cotobade, Ribadumia, Illa de Cortegada (Vilagarcía), Riós, Muíños, Celanova, Vilar de Barrio, Portomarín, Xermade, Quiroga, Outes, A Laracha (2 quendas), Ponteceso, Boqueixón, Rois e Padrón.*

En 2015, o departamento autonómico investirá máis de 2,4 millóns de euros para financiar preto de 8.530 prazas da campaña de verán, entre campamentos, actividades para maiores de 18 anos e campos de traballo en Galicia. Esta programación permitirá, á súa vez, a contratación duns 900 monitores e directores de campamentos durante os meses de verán.

Xuventude estuda a posible utilización das instalacións do Centro residencial docente da Coruña

Venres, 17 Xullo 2015 07:11



A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e a delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitaron hoxe as instalacións do Centro residencial docente da Coruña, ubicado en Culleredo, co obxectivo de estudar a súa posible utilización por parte desta área autonómica. O centro conta con 372 prazas que son utilizadas por estudantes internos de *Bacharelato e Formación Profesional*.

Doutra banda, a directora e a delegada aproveitaron a súa visita para saudar aos mozos e mozas de primeiro e segundo de Secundaria que están a participar nunha actividade de verán para practicar o inglés, organizada pola Xunta.



EN PORTADA NOVAS E ACTIVIDADES

Colaboradores bolseiros nas residencias da Coruña, Ourense e Vigo

Martes, 14 Xullo 2015 10:39

A Consellería de Educación convoca **30 prazas de colaboradores bolseiros para o curso 2015/2016**, nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo:



CRD da Coruña: 18 prazas.

CRD de Ourense: 6 prazas.

CRD de Vigo: 6 prazas.

Requisitos:

- a) Dezaioito anos cumpridos, ou acadar esta idade dentro do ano natural 2015.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño do labor de apoio no desenvolvemento da actividade diaria da residencia.
- c) A persoa solicitante deberá estar inscrita ou matriculada en ensinanza universitarias de grao, máster oficial, primeiro, segundo ou terceiro ciclo nunha facultade, escola superior, escola universitaria ou colexio universitario no curso 2015/16.

Considéranse estudantes en réxime de dedicación académica a tempo completo os matriculados no número de créditos indicado a seguir:

- a) Estudos de grao: 60 créditos.
- b) Estudos de primeiro e segundo ciclo: o número de créditos que resulte de dividir o total dos que integran o plan de estudos (agás os de libre elección) entre o número de anos que o compoñan.

Estes solicitantes terán preferencia na adxudicación de prazas.

Non obstante, os solicitantes en situación de matrícula parcial poderán obter praza cando estean matriculados no número mínimo indicado a seguir:

- a) Estudos de grao: entre 30 e 59 créditos.
- b) Estudos de primeiro e segundo ciclo: o 50 % do créditos indicados.

Incompatibilidades

1. As persoas beneficiarias de praza de colaborador bolseiro non poderán realizar, mentres gocen desta, ningún tipo de traballo remunerado.
2. Así mesmo, será incompatible con estar en posesión ou reunir os requisitos necesarios para obter un título académico de nivel igual ou superior ao dos estudos que pretende realizar.
3. A condición de beneficiario será compatible coa obtención de axudas na convocatoria xeral de bolsas e axudas ao estudo, agás aquelas que teñan como compoñente o pagamento de gastos de comedor e/ou residencia.


As bolsas podense solicitar en <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED308A**.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **7 de agosto de 2015**.

Máis información no **DOG do 14 de xullo de 2015** e en www.edu.xunta.es

Aloxamento para estudantes

Mercores, 15 Xullo 2015 14:07



Se estás a buscar aloxamento para o próximo curso, podemos axudarche:

http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/ensino/Residencias_para_estudantes.pdf

Programa de promoción das cooperativas xuvenís

Xoves, 16 Xullo 2015 06:51



A Consellería de Traballo convoca **subvencións para o fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais e a promoción do cooperativismo**.

Programas:

- Programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais (procedemento TR802G).
- Programa de fomento do acceso á condición de persoa socia (procedemento TR802J).
- Programa de impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica (procedemento TR807D).
- Programa de promoción das cooperativas xuvenís (procedemento TR807E).

Programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais: Este programa de subvencións está dirixido a fomentar a incorporación de persoas desempregadas e de traballadores e traballadoras con carácter temporal como socios e socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido.

Programa de fomento do acceso á condición de persoa socia: Este programa de subvencións está dirixido ao fomento do acceso á condición de socios e socias traballadoras ou de traballo, de cooperativas ou de sociedades laborais, así como ao fomento do acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas. Este acceso facilítase mediante o financiamento das achegas económicas ao capital social que debe desembolsarse para a incorporación como socio ou socia.

Programa de impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica: Este programa de subvencións está dirixido a fomentar o cooperativismo e a economía social, concedendo subvencións que faciliten a posta en marcha dos proxectos empresariais, tanto de nova creación como xerados polas cooperativas e sociedades laborais existentes.

Programa de promoción das cooperativas xuvenís: Este programa de subvencións está dirixido a apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación de cooperativas xuvenís mediante subvencións para financiar os custos derivados do lanzamento da actividade.

Beneficiarias:

As cooperativas xuvenís de nova creación formadas maioritariamente por persoas socias traballadoras ou de traballo que teñan entre 16 e 29 anos de idade poderán acollerse ás subvencións para o financiamento de custos previstos neste programa por unha soa vez.

Para os efectos deste programa, consideraranse como cooperativa de nova creación aquelas que non superen os dous anos de actividade, contados ininterrompidamente desde a data de alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, da alta no censo de persoas obrigadas tributarias do Ministerio de Economía e Facenda, ata a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Obxecto e contía das subvencións

Poderá concederse unha subvención directa para financiar parcialmente os gastos correntes derivados do inicio da actividade ata un importe máximo do 75 % do seu custo, excluídos impostos. Poderán ser obxecto de subvención os seguintes gastos correntes:

- a) Arrendamento e mantemento de locais, instalacións, maquinaria e elementos de transporte.
- b) Materias primas, embalaxes, envases e outros aprovisionamentos necesarios para a produción, agás os que sexan obxecto de simple comercialización.
- c) Elaboración de material publicitario funxible e anuncios publicitarios nos medios de comunicación.
- d) Seguros, gastos financeiros e bancarios.
- e) Enerxía, comunicacións e transportes.

f) Material de oficina.

g) Consumibles para equipamentos informáticos e maquinaria.

h) Mantemento de equipamentos e sistemas para as tecnoloxías da información e as comunicacións, de páxinas web e de sistemas telemáticos de xestión e para o comercio electrónico.

i) Roupa de traballo e material funxible para a prevención de riscos laborais.

O importe máximo desta subvención será de 15.000 € por cooperativa beneficiaria.

As solicitudes poden presentarse por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> co código **TR807E**.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **17 de agosto de 2015**.

Máis información no DOG do 16 de xullo de 2015 e en <http://traballo.xunta.es/>

Sorteo Carné Xove: entradas de cine

Venres, 17 Xullo 2015 09:13



Coincidindo coa promoción especial de verán que **Clínica Baviera Galicia**, entidade adherida ao programa Carné Xove, programa en corrección visual por láser vixente ata o 31 de agosto de 2015, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, convidamos aos titulares do Carné Xove a participar no sorteo de 4 entradas dobres de cine válidas ata o **30/06/2016**.

Consultar salas de cine adheridas en Galicia en: chequecine.es

O sorteo estará aberto ata o **domingo 16 de agosto as 24:00 horas**.

Os gañadores deste sorteo publicaranse neste portal web o **18 de agosto** e poderán pasar a recoller o seu cheque pola *Clínica Baviera* máis cercana:

• na Coruña. Praza de Galicia, 2;

• en Lugo. r/ Dinan, 4;

• en Vigo. Avda de García Barbón, 28

Para retirar as entradas, deberase presentar o **Carné Xove** en vigor.

Para participar neste sorteo tes que encher e responder a cuestión que che plantexamos no seguinte FORMULARIO.

BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

Convocadas 30 prazas de colaboradores bolseiros nas residencias da Coruña, Ourense e Vigo

Martes, 14 Xullo 2015 10:49

As prazas convocadas son **18 no Centro Residencial da Coruña, 6 no de Ourense e 6 no de Vigo**. Os adxudicatarios destas prazas utilizarán os servizos da residencia de forma gratuíta.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **7 de agosto**.


Máis información DOGA do 14 de xullo.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150714/AnuncioG0164-030715-0001_gl.html

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsas de investigación na Área de Restauración do Museo do Prado

Mercores, 15 Xullo 2015 14:59



O *Ministerio de Cultura* convoca **dúas bolsas** destinadas a completar a formación de futuros especialistas e fomentar a investigación na **Área de Restauración do Museo do Prado** durante dez meses. As bolsas destinaranse ao **Taller de Restauración de Pintura** e ao **Gabinete Técnico**.

A contía de cada unha das bolsas fíxase en 15.000 € anuais.

Requisitos:

Diplomatura en Restauración en Centros oficiais, especialidade en Pintura, ou licenciatura ou grao en Belas Artes, especialidade en Pintura.

Coñecementos sobre as coleccións do Museo Nacional do Prado.

Coñecementos sobre conservación preventiva.

Coñecementos de lexislación do patrimonio histórico, museoloxía e xestión cultural.

Coñecementos de informática e inglés.


O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **30 de xullo de 2015**.

Máis inforamción no BOE do 10 de xullo de 2015 e en www.museodelprado.es/empleolicitaciones/becas

BOLSAS E AXUDAS MOBILIDADE

Bolsas para programas de intercambio con países extracomunitarios

Xoves, 16 Xullo 2015 07:33



A *Consellería de Educación* convoca 140 bolsas destinadas ao alumnado universitario matriculado nunha universidade do *Sistema universitario de Galicia* ou nun centro **asociado da UNED** en Galicia que participe no curso 2015/16 en programas de intercambio con países extracomunitarios, agás o programa «**Erasmus+**», relacionados cos estudos que está a cursar.

O programa de mobilidade para o que se solicita a bolsa será realizado durante o curso académico 2015/16.

A dotación económica asignada a cada beneficiario/a será dun máximo de 1.100 €

Requisitos dos/as solicitantes:

a) Estar matriculado no curso 2015/16 en calquera das universidades do *Sistema universitario Galicia* ou nos centros asociados da UNED en Galicia en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica.

- b) Os/as estudantes extracomunitarios/as non poderán realizar o intercambio con universidades do seu país de orixe.
- c) Participar no programa de mobilidade universitaria con autorización da universidade de orixe (universidades do Sistema universitario Galicia, ou nos centros asociados da UNED en Galicia).
- d) Non ter gozado desta bolsa de mobilidade en convocatorias anteriores.

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado **ED441B** dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **17 de agosto de 2015**.

Máis información no DOG do 16 de xullo de 2015 e en www.edu.xunta.es

BOLSAS E AXUDAS OUTRAS

Axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas

Venres, 17 Xullo 2015 06:16



A Consellería de Traballo convoca un **Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas**.

Serán subvencionables ao abeiro deste programa as contratacións indefinidas iniciais que se formen desde o **1 de outubro de 2014** ata o **30 de setembro de 2015**.

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado **TR349F** dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>

O prazo para a presentación das solicitudes estará aberto ata o **30 de setembro de 2015**.

Máis información no DOG do 17 de xullo de 2015 e en www.traballo.xunta.es

PREMIOS E CONCURSOS

XXVIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón

Mercres, 15 Xullo 2015 14:43



O Concello de Dodro, para honrar a memoria do seu ilustre poeta e contribuír á promoción da poesía galega, manifestación sobranceira da nosa literatura, convoca a **XXVIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón**.

Poderán concorrer a este certame as poetas e os poetas que o desexen, con cadanseu libro escrito en lingua galega, segundo a normativa vixente.

Os poemarios aspirantes ao premio serán de tema e forma libres, cunha extensión mínima de 500 versos e máxima de 800. Deberán ser orixinais e estar inéditos na súa totalidade, condición que se estende ao soporte dixital. No momento da resolución do certame non poderán estar presentados a ningún outro concurso.

Os participantes deberán enviar 4 exemplares da obra, mecanografados, sen remite identificador, ao seguinte enderezo:

"XXVIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón"

Concello de Dodro
Tallós, 32
15981 Dodro- A Coruña

As obras concursantes deberán ostentar o título e un lema, que tamén figurará no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI do autor ou autora, o seu teléfono e enderezo, así como un pequeno currículo literario, no caso de que teña obra publicada.

O prazo de presentación das obras remata o día **9 de novembro de 2015**.

A dotación do premio, único e indivisible, será de 2.300 euros. Se o xurado o considera oportuno, pola baixa calidade dos libros presentados, o premio poderá ser declarado deserto.

O fallo será dado a coñecer nun acto que se celebrará na *Casa da Cultura do Concello de Dodro* o día **12 de decembro de 2015**. A entrega do premio realizarase o **día 19** do mencionado mes. As obras non premiadas serán devoltas aos autores que as soliciten no prazo dun mes a contar do día do fallo.

A obra galardoada publicarase dentro da colección de poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" da Editorial Sotelo Blanco, que se reserva os dereitos de edición. A contía do premio será considerada como un adianto dos dereitos de autoría. O autor ou autora recibirá gratuitamente 25 exemplares.

<http://www.concellodedodro.org/>

NOVAS DE EMPREGO → EMPREGO PUBLICO

Prazas de corpos docentes universitarios na UDC

Xoves, 16 Xullo 2015 07:47

A UDC convoca concurso de acceso a **prazas de corpos docentes universitarios**, en Filoloxía Latina.

Requisitos das persoas candidatas:

Estar acreditado/a ou habilitado/a para o corpo docente universitario de que se trate, cumprir os requisitos marcados no artigo 4 do RDCA.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **31 de xullo de 2015**.

Máis información no DOG do 16 de xullo de 2015 e en www.udc.es

Convocadas 3 prazas de policía local no Concello de Oleiros. Tractoristas para o Concello de Monfero

Venres, 17 Xullo 2015 11:35

As prazas son convocadas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 14 de xuño de 2015. www.boe.es

Convocadas 15 prazas de titulados superiores no Concello de Sant Boi de Llobregat (Barcelona)

Venres, 17 Xullo 2015 11:37

As prazas son convocadas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 14 de xuño de 2015. www.boe.es

Convocadas 29 prazas de policía local no Concello de Málaga

Venres, 17 Xullo 2015 11:38

As prazas son convocadas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 16 de xuño de 2015. www.boe.es

Convocadas 40 prazas de enxeñeiros aeronáuticos

Venres, 17 Xullo 2015 11:39

O *Ministerio de Fomento*, convoca estas prazas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 15 de xuño de 2015. www.boe.es

Convocada bolsa de emprego de técnico especialista de laboratorio

Venres, 17 Xullo 2015 11:39

A **Universidade de Valladolid**, convoca esta bolsa, como colaborador en proxectos.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **23 de xullo de 2015**. **Máis información** BOJCyL do 15 de xullo.

Convocadas 12 prazas de Economista no Banco de España

Venres, 17 Xullo 2015 11:40

A convocatoria destas prazas, está no **BOE do 15 de xullo de 2015**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **18 de agosto**. **Máis información** www.boe.es

Convocadas 6 prazas de farmacéutico

Venres, 17 Xullo 2015 11:41

O **Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade**, convoca estas prazas no **Departamento de Inspección e Control de Medicamentos**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **21 de xullo de 2015**.

Máis información CIA do 14 de xullo, www.060.es

Convocadas 2 prazas de informático na UDC

Venres, 17 Xullo 2015 11:41

A **Universidade da Coruña**, convoca estas prazas (5 meses para licenciado e 7 meses para doutor informática).

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **13 xullo** na páxina www.udc.es

Convocada 1 praza temporal para licenciado ou graduado en Química

Venres, 17 Xullo 2015 11:42

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **13 xullo** na páxina www.udc.es

Convocada 1 praza temporal para licenciado ou graduado en Química

Venres, 17 Xullo 2015 11:43

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **16 xullo** na páxina www.udc.es

Convocada 1 praza temporal para licenciado ou graduado en Matemáticas ou Informática

Venres, 17 Xullo 2015 11:44

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal (3 meses) como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **16 xullo** na páxina www.udc.es

Convocada 1 praza de técnico xestión no Concello de Tui

Venres, 17 Xullo 2015 11:46

A praza de **funcionario interino**, é convocada polo sistema de concurso-oposición. Convocada **1 praza** de **técnico xestión no Concello de Tui**.

Máis información www.boppo.es

Convocadas 4 prazas de peóns e 1 de xefe brigada contraincendios

Venres, 17 Xullo 2015 11:47

O **Concello de Vila de Cruces (Pontevedra)**, convoca estas **4 prazas** polo sistema de oposición e a de xefe brigada polo sistema concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **7 días naturais**, contados a partir da publicación o **15 de xullo** na páxina www.boppo.es

Convocadas 12 prazas de persoal laboral contraincendios no Concello de Santa Águeda (Ourense)

Venres, 17 Xullo 2015 11:47

A duración do contrato é de 3 meses, e o sistema de selección concurso.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **5 días** contados a partir da publicación no **BOP Ourense o 15 de xullo**.

NOVAS DE EMPREGO ► EMPREGO PRIVADO

Condutor/a Pontevedra

Martes, 14 Xullo 2015 08:26

Adecco empresa dedicada os **RRHH** selecciona un condutor/a para **zona de Vigo**.

Funcións:

- Organización de viaxes a través do cuadrante.
- Entrega e recollida de vehículos a clientes e en talleres externos.
- Revisar luces e niveis.
- Pasar ITV's.
- Non se requiren estudos nin experiencia concretos.

Carné B vixente.
Contratación directa pola empresa.

Adecco, Camino del Cerro de los Gamos, 3, 28224 Pozuelo de Alarcón, Madrid.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/conductor-a/pontevedra/1844265/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=compras-logistica-y-transporte&utm_term=ponteve

Mozo/a de lavadero

Martes, 14 Xullo 2015 08:43

Adecco empresa de **RRHH** con delegación en Vigo selecciona un/ha mozo/a de lavadero.

Funcións:

- Apertura de taller.
- Movemento de coches para lavar e acondicionar (interior e exterior).
- Aspirado de coches.
- Limpeza en túnel de lavado.
- Se requiren estudos de Educación Secundaria Obrigatoria e polo menos un ano de experiencia.
- Informática a nivel de usuario.
- Contratación directa pola empresa.

Adecco, Camino del Cerro de los Gamos, 3, 28224 Pozuelo de Alarcón, Madrid.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/mozo-a-de-lavadero/pontevedra/1844252/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=profesionales-artes-y-oficios&utm_term=pontevedra

Ofertas Servizo Público de Emprego 10/07/2015

Venres, 10 Xullo 2015 07:11

Axentes comerciais

- Localidade: Betanzos (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/7571

- Data: 17/07/2015
- Requisitos: necesítanse comercial con 6 meses de experiencia para empresa de telefonía. Residencia en Betanzos e arredores. Vehículo propio. Contrato mercantil.

Axentes comerciais

- Localidade: Ourense
- Nº oferta: 12/2015/7597
- Data: 17/07/2015
- Requisitos: comercial para venda de aplicación informática a empresas. Valorarase coñecemento de telecomunicacións, informática, empresariais,...

Axentes comerciais

- Localidade: Ourense
- Nº oferta: 12/2015/7598
- Data: 17/07/2015
- Requisitos: precísase xestor/a comercial para xestionar permisos de fibra óptica en Ourense. Terá como requisitos experiencia en vendas, permiso de conducir e office básico.

Asesores fiscais e tributarios

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2015/7602
- Data: 17/07/2015
- Requisitos: asesor/a fiscal con ampla experiencia. Formación en economía, ADE ou empresariais.

Axentes comerciais

- Localidade: Ourense
- Nº oferta: 12/2015/7604
- Data: 17/07/2015
- Requisitos: comercialización de servizos de telefonía.

Técnicos/as superiores en organización e administración de empresas, en xeral

- Localidade: Porriño, O (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/7680

- Data: 17/07/2015
- Requisitos: docente para impartición da especialidade AFD- Administración e programación en sistemas de planificación de Recursos Empresariais e de xestión de relacións con clientes (con certificado de profesionalidade N3).

Profesores técnicos de formación profesional (comercio e mercadotecnia)

- Localidade: Porriño, O (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/7691
- Data: 17/07/2015
- Requisitos: docente AFD Gestión Administrativa e financeira do comercio internacional (Nivel 3).

Canteiros/as de construción

- Localidade: Taboadela (Ourense)
- Nº oferta: 12/2015/7745
- Data: 17/07/2015
- Requisitos: canteiro/a de construción, Oficial 1ª, 60 meses de experiencia, TPC e nivel básico de prevención de riscos.

Empregados/as de fogar (internos)

- Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/7793
- Data: 17/07/2015
- Requisitos: empregado/a de fogar interno/a para a zona de Santiago de Compostela.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX

OMIX

Saída nocturna en Pantón

Xoves, 16 Xullo 2015 10:08

A **OMIX de Pantón** colabora nunha saída nocturna para visitar **Pena Pombeira**, o punto máis alto de Pantón. Será o día **31 de xullo**. A saída farase dende a **Praza do concello**, ás **22:30**.

A distancia a percorrer é de 4 kilómetros.

Prezo: 5€ para os menores de 14 anos e 10 € para os adultos.

Máis información na OMIX de Pantón, 982 456 377.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net